



# C E I D A

CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA





C E I D A

O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia ten a súa sede no Castelo da Illa de Santa Cruz, no Concello de Oleiros, na vertente oriental da ría da Coruña. Ó seu valor histórico, o Castelo de Santa Cruz une o feito de estar situado nun enclave de gran beleza e dotado dun rico patrimonio natural. Todo isto invita ó coñecemento da natureza e facilita xenerar actitudes positivas para a conservación do medio ambiente.

A necesaria modificación nas pautas de comportamento, nun maior respecto ó medio, ten que fundamentarse principalmente na educación ambiental a tódolos niveis dentro dunha formación permanente da propia personalidade, espertando nela unha nova conciencia ecolóxica e unha nova orde de valores que debe respectar, co fin de poderlles transmitir ás futuras xeracións este patrimonio común.

[ Ley de protección ambiental de Galicia ]



## Obxectivos

1 Ser un centro de interpretación ambiental que potencie e divulgue actitudes, comportamentos e prácticas sociais favorables á sustentabilidade ambiental da nosa sociedade.

2 Formar e educar ambientalmente mediante a realización de cursos, conferencias, seminarios, encontros e outras actividades que sexan promovidas polo propio CEIDA, ou realizadas en colaboración con todo tipo de organismos, institucións, asociacións ou empresas.

3 Albergar o "Centro de Documentación en Medio Ambiente Domingo Quiroga", para recoller, difundir e publicar materiais formativos, educativos e divulgativos.

4 Actuar como lugar de coordinación e cooperación entre as diferentes administracións, equipamentos, colectivos, asociacións profesionais e institucións privadas para dar resposta ás diferentes necesidades da Educación Ambiental.

5 Completar e ampliar a formación universitaria, tanto humana como científica, con especial énfase no referente ó medio ambiente.



**CEIDA** O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia é o resultado dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros para a posta en marcha dun centro de referencia en información, divulgación e educación ambiental en Galicia

C E I D A

Se o interese polo resto dos seres vivos forma parte da condición humana, se parte da nosa cultura se deriva da natureza selvaxe, daquela, só sobre esa base, constitúe un terrible delito extinguir outras formas de vida. A natureza forma parte de nós, así coma nós formamos parte da natureza

[ Edward O. Wilson ]



fotografía Marcos Lires

Castelo de Santa Cruz, s/n.
15179 Liáns. Oleiros. A Coruña.
Galicia. España.

www.ceida.org

Tel. 981 630 618
Fax. 981 614 443